

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 26 de xullo de 2013

ASISTENTES:

Membros:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día vinte e seis de agosto de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE, de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(826).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(827).- CORRECCIÓN ERRO MATERIAL NO CADRO DE PREZOS DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA DOS RESIDUOS XERADOS POLO TALLER DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 1799/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 22-07-13, do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, conformado polo asesor xurídico de Fomento e máis polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Corrixir o erro material do Anexo I do cadro de prezos do prego de prescricións técnicas particulares correspondente ao procedemento de “Contratación da recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo taller dese servizo”, substituíndo o encabezamento actual da columna na que figuran os prezos “PRECIO GESTIÓN VERTIDO POR TM €/Tn” polo de “PRECIO GESTIÓN VERTIDOS POR M3 €/M3” de acordo co estipulado no punto 9 do prego de prescricións técnicas particulares.

Segundo.- Remitir o presente acordo ao servizo de contratación para proceder a súa publicación.

3(828).- AUTORIZACIÓN PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA MENÉNDEZ PELAYO”. EXPTE. 961/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de data 23-07-13, do xefe da área de fomento, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar o encargo da redacción dun proxecto que baixo a denominación “Modificado nº 1 da Obra de Humanización da Rúa Menéndez Pelayo”, recolla as modificacións necesarias para levar a cabo a obra, non significando incremento algún no orzamento da mesma.

Segundo.- Autorizar a moratoria ao prazo de excución da obra, polo período de tempo que transcurra ata a aprobación do proxecto “Modificado nº 1 da Obra de Humanización da Rúa Menéndez Pelayo”

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.